



PLAN DIXITAL

CEIP DAS FONTIÑAS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.- Introducción

1.1.- Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP DAS FONTIÑAS

Dirección: Rúa Roma, 21, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña).

Correo electrónico: ceip.fontinhas@edu.xunta.gal

Enderezo web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfontinhas/>

Etapas educativas: educación infantil (2 liñas) e educación primaria (2 liñas). Nos cursos de 6º de infantil e 4º de primaria temos un desdobre.

N.º alumnado: 414

Nº de profesorado: 37

1.2.- Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O CEIP das Fontiñas está situado na cidade de Santiago de Compostela, concretamente no barrio de Fontiñas, do que recibe o seu nome. Neste barrio, ben comunicado e dotado de servizos públicos, hai vivendas de carácter social na que a maioría dos seus habitantes teñen un nivel económico baixo, outras vivendas de protección oficial cun nivel económico medio e outras de promoción particular sendo o nivel económico das familias medio-alto. Estas desigualdades reflíctese na heteroxeneidade dos nosos grupos de clase. Por último destacar a frecuencia de casos de absentismo escolar que padecemos, protagonizado na maioría dos casos por familias de alumnado de etnia xitana.

Conta con dúas liñas tanto en educación infantil como educación primaria, aínda que neste curso 21 – 22 tanto en 6º de infantil como en 4º de primaria presenta un desdobre. Conta con 37 mestres e mestras que conforman o catálogo do profesorado tres ATE (auxiliar técnico administrativo), unha administrativa e dous conserxes.

Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo:

O noso centro acolleuse en 2012 ao Proxecto Abalar da Consellería de Educación, o cal supuxo unha modernización das aulas en canto ás TIC. Nese momento as aulas modernizáronse con canóns, PDI e un ordenador (nalgúns casos portátiles) para o profesorado en cada aula, ao alumnado concedíase un convertible (portátil + tablet).

No ano 2020 o centro acóselle ao proxecto EDIXGAL o que trouxo consigo un cambio cualitativo no emprego das TIC xa que os portátiles, tanto do alumnado como do profesorado, cédense durante os dous anos nos que se imparte o proxecto. No resto das aulas do centro pasouse en poucos anos de ter só unha computadora, a ter un equipo informático, un canón e unha PDI.

O noso centro, neste momento non está adscrito a ningún programa de Innovación Dixital, aínda que se valorará poñer en marcha algún nos vindeiros cursos académicos. No que sí está adscrito o centro é a diferentes programas relacionados con aspectos que xiran arredor da biblioteca como poder ser o PLAMBE.

Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23:

- Potenciar a coordinación e a colaboración entre os diferentes equipos docentes para a redacción de proxectos, especialmente o Plan Dixital.
- Continuar no proxecto EDIXGAL e abrirnos a outro tipo de programas.
- Contribuír de xeito transversal na implementación no Plan Dixital a través do traballo realizado entre o profesorado.
- Que o Plan Dixital sirva para mellorar a formación de todo o profesorado e tamén a do alumnado desenvolvendo un pensamento crítico e reflexivo.
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa por medio do uso de recursos compartidos.
- Promover a utilización de aulas virtuais (EVA XUNTA ou Moodle) como ferramenta de apoio a profesorado e alumnado.
- Promover a utilización de ferramentas de software libre para compensar as desigualdades tecnolóxicas que hai entre as familias.
- Facilitar o acceso ás ferramentas por parte do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Analizar as necesidades, tanto de recursos (materiais, persoais, e/ou de conectividade) como de formación que a nosa comunidade educativa puidese demandar.
- Acordar un orzamento mínimo de dedicación aos labores tecnolóxicos que estean vinculados co feito educativo.
- Implementar no curso 22/23 un plan de comunicación que abrangue a todos os membros da comunidade educativa.
- Que sexa un verdadeiro plan no que estea implicada toda a comunidade educativa.

1.3.- Breve xustificación normativa:

Para a elaboración do Plan Dixital do CEIP das Fontiñas ten como referencia o seguinte marco legal establecido pola lei:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación

do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4.- Proceso de elaboración:

O equipo para a elaboración do Plan Dixital de centro estivo formado por 4 compoñentes que traballamos a partir o PFPP do centro neste curso S2105167 – Análise da competencia Dixital do centro e elaboración do plan dixital. Este equipo contou con coordinador que tiña acceso a un aula virtual (ADIX1) para ir cumprimentando as tarefas sobre o Plan Dixital.

Contamos coa axuda do noso mentor, que se brindou en todo momento para resolver as dúbidas, aclarar os procesos e en caso de ser necesario visitar o centro para axudar cas diferentes actuacións.

Tamén contamos coa axuda durante o proceso de todo o claustro para a recollida de información a través do SELFIE ou test CDD.

Os compoñentes do equipo do Plan Dixital recibiron varias formacións por videoconferencia levadas a cabo polo mentor e ademais houbo reunións periódicas para analizar os datos das diferentes enquisas para a elaboración do análise DAFO e do Plan de Acción.

A grandes trazos a temporalización que levamos a cabo no proceso de elaboración do Plan Dixital foi a seguinte:



2.- Situación de partida

2.1.-Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP das Fontiñas conta con dous edificios, un para educación infantil e outro para educación primaria. No edificio de educación infantil hai seis aulas ordinarias e unha polivalente que neste curso 21-22, dado que contamos cun desdobre, tivo que acoller a un grupo de 6º de infantil. A conexión nalgúnhas das aulas tivo que substituírse dado que non chegaba o sinal con suficiente potencia.

O edificio de educación primaria está estruturado da seguinte maneira: na planta baixa están as aulas de 1º e 2º de Primaria e unha aula de 4º de Primaria, unha aula de música, unha aula para a materia de Inglés, e dúas aulas para o traballo dos profesionais de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe; ademais nesta planta tamén está a biblioteca, a conserxería, o despacho de secretaría e administración, o de dirección e o da xefatura de estudos así como a sala do profesorado. En todos estes lugares hai conexión WIFI e, se ben é certo que se fixeron reparacións no presente curso, a conexión chega dun xeito desigual. Na primeira planta atopamos o Departamento de Orientación, unha aula de titoría, unha aula para a materia de Relixión Evanxélica e as aulas de 3º e 4º de Primaria. Na segunda planta contamos cunha aula de titoría, outra para o traballo dos especialistas en Audición e Linguaxe, a aula de Relixión Católica e aulas de 5º e 6º de Primaria.

Contamos con infraestruturas básicas para o desenvolvemento das TICs e para o desenvolvemento do propio Plan Dixital:

- WIFI e redes cableadas.
- Mobiliario para os ordenadores.
- Ordenadores en todas as aulas e espazos de uso común con encerados dixitais.
- Cámara de vídeo e de fotos.
- Tablets para o alumnado.
- Outros elementos de uso diario como fotocopiadora a cor, escáner, gravadora, altosfalantes, televisión...

Valoramos que contamos cos elementos necesarios para levar a cabo os proxectos do centro si ben é necesario unha mellora na calidade e dos mesmos e unha ampliación para un mellor desenvolvemento das actuacións futuras. Non cabe dúbida tamén que nalgún caso cómpre renovar certos equipos que se quedan obsoletos, maior conectividade, axuda de profesionais...

O noso centro forma parte do proxecto E-DIXGAL e participa en varios contratos programa de reforzo educativo. Ademais durante este curso 21 – 22 tamén se participou nun plan proxecta *Fotografía en curso*, ligado tamén coas TICs.

Ademais, de cara o curso 22-23 implementaremos un Plan de Comunicación co cal tentaremos mellorar a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa.

Todos estes documentos relacionados coas TICs estarán dispoñibles na páxina web do centro que xa este curso comezou a mostrar cambios co fin de ser un elemento importante de información e comunicación para toda a comunidade educativa.

Por outra banda, no noso traballo diario utilizamos certas ferramentas corporativas ademais da web do centro como o correo edu.xunta.gal, aula virtual de Moodle, Box, ou Agueiro.

En canto ao mantemento, contamos cun informático que acude ao centro dúas veces ao mes que nos axuda na posta a punto dos diferentes dispositivos eléctricos e electrónicos.

2.2.- Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración do análise DAFO empregamos unha serie de ferramentas que presentaron os seguintes resultados:

Cuestionario SELFIE: presentamos a continuación os resultados:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.3
	Profesorado	2
	Alumnado	NON
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	1.9
	Alumnado	3.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.5
	Alumnado	4.3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.8
	Alumnado	NON
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.4
	Alumnado	NON
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.5
	Alumnado	2.9
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	2.1
	Alumnado	NON
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2
	Alumnado	3.8

Test CDD: información recollida no test CDD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	25	68%
PROVISIONAL	2	5	40%
INTERINO	0	2	0%
SUBSTITUTO	0	4	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62.5	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	57	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
PRIM	66.7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	12	63.2%
B1	6	31,6%
B2	1	5,3%
TOTAL	19	100,10%

DOS 19 docentes que participaron no test CDD obtemos os seguintes resultados:

- 12 teñen un nivel de competencia dixital explorador/a (A2), é dicir, o 63.2%
- 6 teñen un nivel de competencia dixital integrador/a (B1), é dicir, o 31,6%

2.3.- Análise DAFO

A partir do cuestionario SELFIE e do test CDD, dos cales anteriormente compartimos os datos, xorde o análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) do CEIP das Fontiñas elaborado coa aplicación BOARD:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2. Presenza no centro de bos dispositivos dixitais para o ensino e para a aprendizaxe. C3. Posibilidade de acceso a Internet desde todos os puntos do centro.	C10. Ausencia de suficientes dispositivos no centro para o emprego por parte do alumnado. C14. Os espazos físicos: non facilitan o ensino virtual. C16. Carencia de respositorios en liña para o ensino.
	PERSOAL DOCENTE	A3. Apoio do equipo directivo para a exploración de novas modalidades de ensino. E1. Busca e emprego de recursos educativos en liña por parte do profesorado para o ensino E4. Comunicación fluída coa comunidade educativa a través do emprego de recursos tecnolóxicos. F1. A capacidade de adaptar as tecnoloxías ás necesidades do alumnado. F3. O fomento da creatividade por parte do alumnado na elaboración de tarefas en formato dixital.	G6. Escasa coevaluación entre o alumnado: non se empregan as tecnoloxías para fomentar os comentarios entre iguais nos traballos. F5. Pouca colaboración entre o alumnado no emprego das TICS. F6. Falta de emprego das TICS para a realización de proxectos interdisciplinares.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H1. A concienciación ao alumnado dun comportamento seguro na rede.	H11. Escasa capacidade do alumnado para codificar e programar. H13. Dificultades para que o propio alumnado poida resolver os seus problemas técnicos.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A elaboración e posta en marcha dun plan de comunicación para facilitar a labor comunicativa con toda a comunidade educativa.	A1. Carencia dunha estratexia dixital no centro. B4. Falta do emprego das tecnoloxías dixitais par colaborar con outros centros educativos da nosa contorna.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O emprego de software libre e as ferramentas corporativas. A propia elaboración dos Proxectos Dixitais de Centro e do Proxecto de Comunicación de Centro.	Falta de tempo para explorar o ensino dixital.
	LEXISLACIÓN	O cambio lexislativo da LOMLOE promove a Competencia Dixital.	A constante modificación dos currículos complica a innovación e a implementación na aula de estratexias conxuntas de aprendizaxe, e dificulta a súa consolidación.
	CONTORNA	Existencia de multitude de recursos dixitais para empregar na aula.	Carencias na Competencia Dixital das familias. Problemas de seguridade na rede Falta de medios nos fogares para o acceso a dispositivos dixitais. Infraestruturas con deficiencias nas casas do noso alumnado.
	ANPA		Preocupación das familias polo uso que se fai dos dispositivos electrónicos e dixitais por parte do alumnado.
	OUTRAS ENTIDADES		O profesorado non emprega ferramentas de colaboración con outras entidades.

3. Plan de Acción

3.1.- Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": E: pedagogía, apoios e recursos.						
1. OBXECTIVO (1):	Fomentar o uso dos dispositivos e ferramentas corporativas: Aula Virtual, EdiXgal, Abalar Móbil.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo/coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de aulas que empregan a AV de xeito habitual					
Valor de partida (3)	30% de aulas que empregan a AV					
Valor previsto e data (4)	90% de aulas que empregan a AV					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Xuntanza do Claustro e CCP para crear un compromiso no uso das ferramentas institucionais. Comezando pola xestión da programación	Equipo directivo	Setembro de 2022	Acta de claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Posta en funcionamento dunha Aula Virtual para favorecer a comunicación entre o profesorado.	Equipo TIC	Outubro de 2022	AV Corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Posta en funcionamento dun taboleiro de anuncios na AV para inserir propostas interdisciplinares	Equipo TIC	Outubro de 2022	AV corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3.Creación dos cursos e matriculación do alumnado e do profesorado nos cursos.	Equipo Tic	Segundo trimestre	AV corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4Subida de actividades aos cursos recentemente creados.	Profesorado de cada nivel.	Terceiro trimestre	AV corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C: Infraestruturas e equipamento							
OBXECTIVO 2: (1)	Elaboración dun banco de recursos propios na aula virtual do centro a disposición do claustro.				Acadado		
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC e claustro				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de recursos educativos catalogados e recollidos na AV						
Valor de partida: (3)	Non hai banco de recursos						
Valor previsto e data: (4)	Hai un banco de recursos con contidos para todos os niveis			3º trimestre curso 22/23			
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Crear un grupo de traballo que se encargue de buscar e catalogar recursos dixitais	Coordinador TIC, claustro e equipo directivo.	1º trimestre curso 22/23	Dispor de equipos informáticos, conectividade...			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO.2.2: Buscar e catalogar recursos dixitais.	Equipo directivo e Coordinador TIC e claustro de profesores.	1º trimestre curso 22/23	Tecnoloxía dixital básica e un grupo de persoas dispostas a colaborar.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO.2.3: Crear un curso na aula virtual correspondente (corporativa e edixgal) onde colocar os recursos seleccionados.	Equipo TIC	1º trimestre curso 22/23	AV corporativa, Recursos en liña.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: H Competencia dixital do alumnado						
OBXECTIVO 3: (1)	Fomentar a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios ao longo do curso.				Acadado	
Responsable:	Dirección do centro e persoa coordinador dun Proxecto interdisciplinar				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de cursos e alumnado participante nun Proxecto					
Valor de partida: (3)	30% do alumnado do centro participa nun Proxecto					
Valor previsto e data: (4)	A totalidade do alumnado participa en algún Proxecto			Final do curso 22/23.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Acordo de participación nun Proxecto	Equipo directivo, coordinador TIC, coordinador Plan Dixital e profesorado.	Setembro curso 22/23	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Difusión das actividades do proxecto na páxina web do centro.	Equipo directivo, coordinador TIC e coordinador do Plan Dixital	Segundo se vaian dando pasos e concretando actuación.	Equipos informáticos e conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a selección e tratamento da información.	Profesorado titor ou profesorado de cada área de contido.	curso 22/23	Equipos informáticos e conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Producións finais do alumnado coas TICS.	Profesorado titor ou profesorado de cada área de contido.	curso 22/23	Equipos informáticos e contas de correos corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B Colaboración e redes						
OBXECTIVO 5: (1)	Colaborar con outras entidades.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de contactos establecidos con outras entidades.					
Valor de partida: (3)	Colaboracións con tres entidades.					
Valor previsto e data: (4)	Ampliar este número de colaboracións			Curso 22/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Charlas a través de videoconferencias: sostibilidade, contido curricular, PAT, Material Titorías, Plan Audiovisual, Plan DIRECTOR, Seguridade Viaria, Cidadanía.	Equipo directivo, coordinador PD / TIC, titorías, Dpto. de Orientación	Remate do curso 22/23	Equipos informáticos e software.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B colaboración e redes.						
OBXECTIVO 6: (1)	Crear canles de comunicación entre equipos directivos da mesma contorna.				Acadado	
Responsable:	Membros do equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de xuntanzas realizadas.					
Valor de partida: (3)	0 xuntanzas.					
Valor previsto e data: (4)	Aumentar este número de xuntanzas			Durante o curso 22 – 23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A06.1: Uso da plataforma WEBEX para	Equipo directivo.	Durante o curso	Equipos informáticos, software		Realizada	

facen reunións por videoconferencia con outros equipos directivos.		22/23	e conexión á rede.		Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Uso dunha plataforma colaborativa para compartir e elaborar documentos.	Equipo directivo.	Durante o curso 22/23	Equipos informáticos, software e conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C Infraestruturas e equipamento

OBXECTIVO 7: (1)	Solicitar a renovación dos equipos informáticos do centro.			Acadado	
Responsable:	Equipo TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Cantidade de equipos ou dispositivos actualizados ou renovados.				
Valor de partida: (3)	10% dos equipos renovados ou actualizados durante o presente curso 21 – 22.				
Valor previsto e data: (4)	50% dos equipos renovados ou actualizados durante o curso 22 – 23	30 de xuño de 2023			

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Reorganizar horarios para establecer a coordinación TIC entre o profesorado do centro.	Xefatura de estudos	Setembro	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Inventariar e avaliar o estado do equipamento informático do centro.	Coordinador	Curso 22-23	Coordinador, claustro e partes de incidencia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Solicitar a actualización e a renovación do equipamento dixital.	Coordinador	Curso 22 - 23	Coordinador		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente
--	--	--	--	--	----------

Área/s de mellora: C Infraestruturas e equipamento

OBXECTIVO 8: (1)	Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar o ensino e aprendizaxe das novas tecnoloxías.	Acadado
Responsable:	Equipo TIC, Equipo directivo.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Organización dos espazos do centro educativo para tal fin.	
Valor de partida: (3)	Falta de espazos para o emprego das novas tecnoloxías.	
Valor previsto e data: (4)	Creación dun espazo TIC: aula dixital ou aula TIC.	30 de xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO8.1: Realizar un estudio dunha posible reorganización arquitectónica do centro en función dos espazos actuais..	Equipo directivo e Coordinador TIC	Setembro	Dispor dun espazo como aula informática ou aula polivalente.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO.8.2: Dotar aos espazos tecnolóxicos do equipamento básico.	Equipo directivo e Coordinador TIC	1º e 2º trimestre do Curso 22-23	Contar cunha tecnoloxía dixital básica para implementar nestas aulas.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO.8.3: Elaboración dun horario de uso da aula dixital e dun horario de empréstito de posibles materiais dixitais.	Equipo directivo e Coordinador TIC	3º trimestre do curso 22 - 23	Coordinador TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: D Desenvolvemento profesional continuo							
OBXECTIVO 9: (1)	Mellorar a competencia dixital do profesorado				Acadado		
Responsable:	Equipo directivo, coordinador do Plan Dixital, equipo TICS.				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Cantidade (porcentaxe) de participación do profesorado neste plan.						
Valor de partida: (3)	30% do profesorado participando.						
Valor previsto e data: (4)	70% do profesorado participando.			Maio de 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO9.1: Xuntanza inicial do Claustro e CCP para a detección de necesidades	Equipo directivo, Xefatura de Estudos e Coordinador do equipo TIC	Setembro	Convocatoria de Claustro, convocatoria de CCP, a Aula virtual XADE			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO.9.2. Pre inscrición nunha liña de PFPP axeitada ás necesidades do profesorado.	- Equipo Directivo. - Coordinadora Tic.	Outubro.	FProfe e formularios.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO.9.3. Inscrición oficial na liña do PFPP.	- Equipo Directivo. - Coordinadora do PFPP.	Outubro.	FProfe e formularios.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: D Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 10: (1)	Reflexionar sobre a necesidade do desenvolvemento profesional continuo nas TICS				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinador TIC e coordinador do Proxecto Dixital de Centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de persoas, interesadas en formación, que responden a unha enquisa sobre estas necesidades.					
Valor de partida: (3)	Non hai respostas					
Valor previsto e data: (4)	100% do profesorado, interesado en formación, contesta á enquisa			Finais do 1º trimestre curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO10.1: Xuntanza da CCP para valorar necesidades de formación nas TICS-	Equipo directivo.	Outubro 22/23 curso	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.10.2: Deseño da enquisa coas propostas para o profesorado.	Equipo directivo, coordinador TIC e coordinador do Plan Dixital	Outubro 22/23 curso	Equipos informáticos e contas de correos corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.10.3: Difusión da enquisa entre o profesorado.	Equipo directivo, coordinador TIC e coordinador do Plan Dixital	curso 22/23	Equipos informáticos e contas de correos corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.10.4: Análise dos resultados.	Equipo directivo, coordinador TIC e coordinador do Plan Dixital	curso 22/23	Equipos informáticos e contas de correos corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G Prácticas de avaliación						
OBXECTIVO 11: (1)	Empregar rúbricas para a avaliación de traballos feitos favorecendo a retroalimentación ao alumando en MOODLE.				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC ou coordinador EDIXGAL.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de rúbricas compartidas en formato dixital					
Valor de partida: (3)	Non se empregan rúbricas de avaliación na AV					
Valor previsto e data: (4)	Dúas rúbricas elaboradas e compartidas en formato dixital importada en MOODLE			2º trimestre curso 22/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO11.1: Matrícula do alumnado na AV Moodle e/ou Edixgal do centro.	Coordinadora TIC e /ou Edixgal	Setembro 2022 Setembro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.2: Creación de cursos na AV Moodle e/ou Edixgal do centro para alumnado	Profesorado das diferentes materias -	Setembro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.3: Creación dun grupo de traballo con profesorado de todos os ciclos que se encargue da elaboración de rúbricas para as áreas que se determinen.	Profesorado de diferentes ciclos	Setembro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G Prácticas de avaliación						
OBXECTIVO 12: (1)	Empregar os libros de cualificación de MOODLE ou EDIXGAL.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TIC e EDIXGAL e o profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Números de cursos con libros de cualificación dixital en MOODLE ou EDIXGAL					
Valor de partida: (3)	Non se emprega o libro de cualificacións na AV					
Valor previsto e data: (4)	O 40 % das áreas empregan o libro de cualificacións en MOODLE ou EDIXGAL.			Curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO12.1: Creación de categorías para a xestión de cualificacións	Docentes dos niveis educativos.		Dispoñibilidade horaria, ordenadores e conexión a Internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.2: Formación en xestión de cualificación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle/Edixgal	Coordinador Plan Dixital ou coordinador TIC.	Xaneiro 22/23	Dispoñibilidade horaria, ordenadores e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.3: Inclusión de tarefas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións. Emprego real co alumnado.	Coordinador TIC ou coordinador EDIXGAL	Curso 22/23	Dispoñibilidade horaria, ordenadores e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2.- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Consideramos que as necesidades en canto á mellora do equipamento e infraestruturas son as seguintes:

Equipamento:

Precisamos equipos máis modernos, máis potentes e de mellor calidade. Os ordenadores de sobremesa que temos no centro están bastante obsoletos, no son efectivos para o traballo e presentan problemas en canto ao son e ao audio.

As cámaras de fotos e vídeos que hai no centro a dispoñibilidade do profesorado tamén son antigas, precisan unha renovación que nos facilite levar a cabo proxectos nos que día a de hoxe está inmerso o centro como o Plan Proxecta "Fotografía en curso".

Consideramos que tamén é preciso renovar o mobiliario xa que non se conta nin con mesas nin con armarios axeitados.

Esta falta de mobiliario e de equipos potentes de traballo tamén se fai extensible aos espazos de traballo do profesorado o que ralentiza a dificultade do traballo diario tanto educativo como administrativo.

Outras das carencias que temos é a nivel de espazos. Non contamos cun espazo definido (aula) para levar a cabo as actividades que requiren as TIC. Non contamos con aula de informática nin outra aula que, agora mesmo poida ser destinada para tal fin. É por isto que temos que levar a cabo actividades de formación como o PFPP do presente curso na biblioteca do centro; do mesmo xeito que non nos podemos acoller ao proxecto dos POLOS CREATIVOS pola mesma razón. Esta falta de espazo, limítanos bastante á hora de poder aventurarnos a novos proxectos no traballo cas TICs.

Servizos dixitais educativos:

Os servizos dixitais educativos deberían ser máis accesibles e funcionais. É o caso da páxina web do centro que debería ser máis fácil de actualizar para que o puidese facer calquera membro do claustro e non ter que estar pendentes de que o faga un mesmo profesional. Tamén poder empregar unha galería de imaxes con máis funcionalidade e dun xeito máis sinxelo.

O obxectivo, non é outro que poder empregar esta canle como un medio de comunicación que achegue o centro a toda a comunidade educativa e sexa un bo medio de información o que implicaría, sen lugar a dúbidas, que a información fluíse dun xeito máis eficaz.

4.- Avaliación do plan:

Ao longo do curso farase unha avaliación procesual e tamén unha avaliación final que terán en conta os obxectivos establecidos no Plan de Acción.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5.- Difusión do plan

A estratexia para difundir o Plan Dixital será a seguinte:

- Publicación do Plan Dixital na páxina web do centro.
- Dar coñecemento do Plan Dixital ao Claustro e Consello Escolar na seguinte xuntanza que levemos a cabo. Tanto Claustro como Consello Escolar deben coñecer en profundidade o Plan Dixital de centro.

Un dos obxectivos que nos propoñemos de cara ao vindeiro curso académico 22-23 é a elaboración dun Plan de Comunicación de centro; deste xeito poderemos difundir o Plan de Acción e outros plans e proxectos aos que nos acollamos en base a un protocolo e unha estratexia concreta.